

PROGRAMA

Richard Strauss (1846-1949)

Cancións sobre poemas de Clemens Brentano, op. 68 (1918)

- I. An die Nacht
- II. Ich wollt ein Strausselein binden
- III. Sausle, liebe Myrthe
- IV. Als mir dein Lied erklang
- V. Amor



En San Francisco, construíase o Halle Building, primeiro edificio con muro de cristal.

Gran sistema de grixas que causa a morte de millóns de persoas.



Por iniciativa de Antón Vilar Pousa, creáronse as Irmandades da Fala.

Sergei Rachmaninoff (1873-1943)

Cancións, op. 38 (1916)

- I. Noch ju v sadu u menja
- II. K nej
- III. Margaritki
- IV. Krysolov
- V. Son
- VI. Au



No Cabaret Voltaire de Zurich, nasce o Dada.

- pausa -

Erich Wolfgang Korngold (1897-1957)

Tres cancións, op. 22 (1929)

- I. Was du mir bist
- II. Mit dir zur schweigen
- III. Weit ist stille



Estes personaxes de Un chien andalou, curtametraxe de Luis Buñuel.



Calíbrase a primeira Liga de Fútbol en España.

Cancións do adeus, op. 14 (1920)

- I. Sterbelied
- II. Dies eine kann mein Sehnen
- III. Mond, so gehst du wieder auf
- IV. Gefasster Abschied



Nos Estados Unidos, entra en vigor a Lei Seca que prohibe o consumo de alcohol.



Luigi Prandelli escribe a súa obra de teatro Sei personaggi in cerca d'autore.

Nachts (1913)



O médico ruso Nikolay Arshchov demostra a influencia do colestero na arterioesclerosis patética.

Die tote Stadt (1920)
Canción de Marietta

Iwona Sobotka, soprano / David Kadouch, piano




IWONA SOBOTKA & DAVID KADOUC

VI

01/03/12 unidade

Actividades
19:30 h Charla-Coloquio I 20:30 h Concerto

Paraninfo do Instituto Otero Pedrayo



SEN BATUTA



cuarta tempada

MÚSICA DE CÁMARA



www.senbatuta.com



SEN BATUTA  concello de ourense
CONCELLARÍA DE CULTURA

Coordinación Artística: Cibrán Sierra
Coordinación Didáctica: Fernando Delgado

POESÍA E MÚSICA IRMANDADAS



Nos séculos XVIII e XIX, a poesía alemá vive o seu momento de esplendor. Autores como Goethe, Novalis, Hölderlin e Heine elevan a lírica xermana a alturas que nunca alcanzara. Esta gloria poética coincide co rexurdir da doutrina política nacionalista e unha apaixonada reivindicación das raíces folclóricas nacionais.

Neste marco, a principios do XIX, xorde un xénero musical novo, que coñecemos como *Lied*, no que se une a voz co piano. Ao concepto de *Lied* -literalmente canción-asociáronse agora características distintivas: utilización da lingua alemá, brevidade, renuncia ao virtuosismo vocal, alta inspiración poética dos seus textos, influencia expresiva da música popular... Aínda que Mozart e Beethoven complexaron obras deste estilo, Franz Schubert (1797-1828) é o autor que establece a tradición do *Lied*.

Schumann, Brahms, Mahler, Strauss e moitos outros continuaron o seu exemplo.

Cando termine a centuria declinaron a e a influencia da música alemá seiva decisiva noutros países, o concepto de *Lied* aparecerá "traducido" a outras linguas europeas. Derivados do *Lied* alemán son a melloide francesa -cultivada por Berlioz, Fauré, Debussy-, o art song anglosaxón -de autores como Vaughan Williams, Ives ou Britten-, a canción de concerto hispánica -con nomes como Falla, Turina, Mompou e Guastavino-etótera.

O *Lied* é unha singular conciliación entre a poesía e a música; unha viaxe polo universo natural, a noite, a morte e o amor para o que só estamos preparados se atendemos aos seus dous elementos constitutivos. Fixémosnos nalgún dos textos dos concertos de hoxe.

An die Nacht

Heilige Nacht! Heilige Nacht!
Sternenschlossener Himmelsfrieden!
Alles, was das Licht geschieden,
Ist verbunden,
Alle Wunden
Bluten süß im Abendrot.

Bjelbogs Speer, Bjelbogs Speer
Sinkt ins Herz der trunken Erde,
Die mit seliger Gebärde
Eine Rose
In dem Schosse
Dunkler Luste niedertaut.

Heilige Nacht! Züchtige Braut!
Deine Süsse Schmach verhöhle,
Wenn des Hochzeitsbechers Fülle
Sich ergießet;
Also fließet
In die bräunliche Nacht der Tag!

Clemens Brentano

Noch ju v sadu u menja
Noch ju v sadu u menja
Plechit plachuchalja iva,
I bezuzeshna ona Ivushka,
Grustnajia iva.

Ranneje utro besnet,
Nechnajja devushka Zor'ka
Ivushka, plachuchshjej go'ko,
Sijozj kudrajma sotret.

Alexander Blok

[baseado nun texto armenio de Avetik Isahakian]

Nachts
Streiche, o friedlicher Abendwind, sach't
über die glühende Stirne
lobet, ihr duftenden Lieder der Nacht,
leise herauf die Gestirne.

Lasst mir erlösende Träume erstehn.
Antwort singt all meinen Fragen.
Lasst mich das Leben ergrünen und sehn,
ob seine Weiten mich tragen.

Hört mich, ihr Sterne, und hemmet den Lauf!
Stillt erst mein Sehnen und Leiden.
Zählende Wünsche zittern herauf,
Gibt es nichts denn als Scheiden?

Siegfried Trebitsch

Na noite

Noite santal! Noite santal!
Chea de estrelas, paz dos ceos!
Todo o que separou a luz
reunición
todas as feridas
sangan lentamente no solpor.

A lanza de Bjelbog
crávase no corazón da terra ebria,
que dea un xesto piadoso
fundiu unha rosa
no seo
dos escuros desexos.

Noite santal! Noiva castal a
súa doza varú a ocultar a vergoña
mentres a copar nupcial
se baleira;
así se verte o día
Na noite ardente.

Pola noite no meu xardín

Pola noite no meu xardín
un pranto chora o salgueiro,
e non ten agozo,
O salgueiro triste.

A moza mállá chamada,
unha terra nera brillará Aurora
enxaurágo co seu pelo crecho
as bágoas amargas do salgueiro.

Pola noite

Acaricia suavemente, oh vento de agradable serán,
a fronte brillante
loa, canción fragante da noite,
en silencio ás estrelas.

Déixame que os soños reparadores veñan a min
Canta respostas a todas as miñas preguntas.
Déixame inventar a vida e ver
se as súas ondas me levan.

Escólladme, estrelas, e detede a vosa viaxe.
Cálmade, primeiro, os meus suspiros e pesares.
Desexos esgotados tremen cara a ti.
Non hai nada máis que a despedida?

KORNGOLD, UN COMPOSITOR ENTRE DOUS MUNDOS



Erich Wolfgang Korngold (1897-1957) non é un compositor popular. Con todo, nos últimos anos, o seu nome volveu a aparecer nas programacións de concerto e a súa música, indirectamente, inflúe máis que nunca no noso universo sonoro. Imos coñecelo.

Cando Korngold naceu en Brno -cidade checa, capital da rexión de Moravia-, o Imperio Austrohúngaro vivía os seus esplendorosos anos finais. A familia do futuro compositor pertencía á ilustrada burguesía xudia e, moi pronto, trasladáranse a Viena onde o pai se converteu nun influente crítico musical.

Tras aprender os rudimentos da técnica pianística, con oito anos, Korngold comezou a compor e destacou como un dos novos proxidío máis dotados da historia da música. As súas primeiras obras foron encomiadas por Gustav Mahler, Alexander von Zemlinsky e Richard Strauss.

En 1910, logo pasar a súa presentación oficial ante o público: o seu ballet *Der Schneemann* -composto con 11 anos- foi interpretado na Ópera Imperial de Viena. A súa abundante produción deste período -que inclúe a canción *Nachts*- demostrou o seu dominio da linguaxe musical do seu tempo e coñeceu unha gran notoriedade no mundo cultural xermano.

Dúas formas de ópera

Con 19 anos, Korngold estreou a ópera *Der Ring des Polykrates*. En 1920, o colosal éxito de *Die tote Stadt* -a súa terceira produción escénica- deu-lle fama internacional e supuxo, ao cabo, o punto culminante da súa carreira compositora. Deste ano fétiz é a colección de cancións *Lieder des Abschieds*.

No período de entreguerras, mentres a súa produción se fa afastando dos gustos modernos, a carreira de Korngold expandíuse cara á dirección de orquestra, o arranxo instrumental de afamadas operetas e a docencia na Academia de Música de Viena.

En 1924, recibiu unha invitación para viaxar aos EEUU e colaborar co puante industria californiana do cinema. Durante unha década longa, Korngold compuxo bandas sonoras orxinais (BSO) para películas como *O Capitán Blood* (1935), *Anthony Adverse* (1936, Oscar á mellor BSO), *O príncipe e o mendigo* (1937), *As aventuras de Robin Hood* (1938, Oscar á mellor BSO), *O falcón do mar* (1940) e *Decepción* (1946).

Xunto con Max Steiner e Alfred Newman, Korngold é considerado pai da música cinematográfica. Conciñu a banda sonora como unha ópera sen cantantes, creando partituras exuberantes que influíron profundamente nos autores do seu tempo.

Anos finais

O éxito hollywoodiense chegueulle nun momento moi oportuno: debido ao auxe do nazismo, Korngold tivo que fuxir de Europa coa súa familia; ao mesmo tempo, os xenerosos ingresos que obtivo da industria cinematográfica permitíronlle axudar a moitos refuxiados da tiranía europea.

Tras a guerra, abandonou o cinema disposto a recuperar a súa carreira de compositor de música de concerto. Á súa volta a Austria foi un fracaso: o gusto musical do público cambiara e el converteuse nun compositor ignorado, pasado de moda. Nos seus últimos anos, problemas de saúde apartárono da escena musical. Morreu, esquecido, nos Anxeles.

O estilo de composición cinematográfica de Korngold foi reivindicado pola xeración de autores de BSO que xurdiu nos setenta (Jerry Goldsmith, John Williams, Howard Shore...). Desde entón, a súa pegada sonora é constante na industria de Hollywood. Nos últimos tempos, a súa produción de concerto está a ser recuperada e tense espertado moito un gran interese por esta música.



INVESTIGA E RESPONDE

- 1) A cidade natal de Korngold posúe un edificio moderno que foi declarado Patrimonio da Humanidade pola UNESCO. Que arquitecto deseñou esta construción?
- 2) A que cidade belga fai referencia o título da máis célebre ópera de Erich Wolfgang Korngold?
- 3) En 1938, Korngold gañou o Oscar á mellor BSO por *As aventuras de Robin Hood*. Un dos directores desta película fíxose célebre por outra cinta localizada nunha cidade marroquí. A que película nos referimos?
- 4) Que espectacular sala de concertos -deseñada polo arquitecto do Museo Guggenheim de Bilbao e inaugurada en 2003- se encontra na cidade na que morreu Erich Korngold?

Comproba as túas respostas coas que publicaremos o vindeiro mes.

Respostas de febreiro:

- 1) Ducado de Sajonia-Meiningen
- 2) Bach, Beethoven e Brahms
- 3) Cosima Liszt
- 4) Don Xoán